



XUNTA
DE GALICIA



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE



HOXE 500 PERSOAS DEPENDEN DE TI



1. POR QUE DOAR SANGUE

- A** Porque non se pode fabricar.
- B** Porque os hospitais galegos precisan 500 doazóns todos os días para axudar os enfermos.
- C** Porque é un ben escaso. Non todas as persoas queren doar nin todas poden ser doadoras.
- D** Porque o sangue ten unha duración limitada. Por iso precisamos doazóns todos os días do ano.
- E** Porque non debilita o noso organismo.

2. QUEN PODE DOAR SANGUE:

IDADE: persoas maiores de 18 anos.

PESO: máis de 50 quilos.

SAÚDE: cunha saúde normal.

PROBAS: pasar a entrevista co médico e as análises para garantir que a doazón é segura para o doador e para o receptor do sangue.

Doazón de sangue en Galicia 2017



<http://ados.sergas.es>
Correo-e: doadoressangue.ados@sergas.es
Teléfono 881546900 Fax: 981593151
Avda. Monte da Condesa, s/n
15706 Santiago de Compostela - A Coruña



A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, dependente da Consellería da Sanidade, que integrou o Centro de Transfusión de Galicia, envía compoñentes sanguíneos as 24 horas do día a todos os hospitais de Galicia para atender a actividade asistencial programada e facer fronte ás urxencias.

*Os hospitais precisan entre **400 e 500 doazóns de sangue cada día***

Dez unidades móbiles percorren os concellos para atender as persoas que desexan realizar este acto altruísta. As doazóns de sangue recollidas nas unidades móbiles e nos **locais de doazón** situados nas sete grandes cidades, envíanse a diario ás nosas dependencias centrais en Santiago para o seu procesamento, análise e conservación.

Establécese con cada hospital unhas reservas de seguridade de cada grupo sanguíneo e, **cada día**, envíanse os compoñentes sanguíneos que precisan para atender a todos os pacientes.



O sangue **non se pode fabricar** e todos os días é vital para enfermos que se teñen que operar, que sufriron accidentes de tráfico ou laborais, que padecen anemias, hemorrxias, para realizar transplantes de órganos, para axudar a enfermos de cancro ou leucemia,...

Agradecemos a colaboración que prestan no desenvolvemento das campañas de doazón cada ano concellos, institucións públicas, empresas, facultades, institutos, dependencias das forzas armadas e asociacións de doadores. Grazas a este esforzo colectivo, Galicia leva 16 anos acadando a taxa de doazón que recomenda a Organización Mundial da Saúde.

***A OMS recomenda de 40 a 60 doazóns por cada 1.000 habitantes
para cubrir as necesidades dos hospitais***

MARCO LEGAL

Dende 1985 a doazón de sangue defínese como un acto **voluntario, altruísta, anónimo, universal e gratuíto** (Real Decreto 1945/1985 de 9 de outubro do Ministerio Sanidad e RD 1088/2005 do 16 de setembro).

A Consellería de Sanidade elabora o seu marco normativo co Decreto 462/1990, de 20 de setembro e o Decreto 100/2005 do 21 de abril, que adapta a normativa Europea e reafirma a **gratuidade** deste xesto solidario:

RD 1988/2005. Artigo 3º. Apartado 1: "A doazón de sangue ou algún dos seus compoñentes constituirá sempre un acto de carácter voluntario e gratuíto e, en ningún caso, existirá retribución económica para o doador nin se esixirá ao receptor prezo ningún polo sangue recibido"

Ademais, é un acto **responsable**. É vital, para a seguridade transfusional, que o doador aporte toda a información sobre o seu estado de saúde, xa que a súa doazón de sangue vai destinada a axudar a recuperación dos doentes.



Unha intervención cirúrxica pode precisar 2 bolsas de glóbulos vermellos e nalgúns accidentes de tráfico e transplantes de fígado chégase a utilizar o sangue que doan 10 ou 20 persoas.

*Os hospitais galegos atenden cada día unha media de **2.700 urxencias**, máis de **500 intervencións cirúrxicas** e **3 transplantes de órganos e tecidos**.*

A DOAZÓN DE SANGUE

É un acto **seguro**, sinxelo e necesario para axudar a moitas persoas. En xeral, poden doar sangue persoas **maiores de 18 anos** (se cumpren 65 anos poden continuar co permiso do seu médico), con **máis de 50 quilos de peso** e que non padezan nin teñan padecido enfermidades transmisibles polo sangue (hepatite B, hepatite C, sífilis, SIDA,...).

Os homes poden doar un máximo de 4 veces e as mulleres 3 veces ao ano; deixando pasar entre cada doazón un mínimo de 2 meses. Non se debe acudir sen almorzar e despois de xantar hai que deixar pasar 2 horas.

Entrevista: Antes da doazón, un médico realiza unha entrevista e un exame médico básico para **preservar a saúde do doador** e protexer ao futuro receptor dos compoñentes sanguíneos. Mídese o pulso, a tensión sanguínea e cunha pinga de sangue dun dedo, mídese o nivel de hemoglobina para desbotar unha anemia.

Doazón: Dura de 5 a 7 minutos. O persoal sanitario emprega **material estéril e dun só uso**. Durante a doazón, non hai ningunha posibilidade de contraer enfermidades transmisibles polo sangue.

Recuperación: Ao rematar, o doador toma **auga ou refrescos** para que o volume de líquido extraído (450 ml) sexa recuperado case de inmediato. Aos poucos días, envíase ao seu domicilio os resultados das análises realizadas, para coñecer o seu estado de saúde.



A doazón de sangue non debilita o organismo

UTILIDADE

As doazóns de sangue sométense a un proceso de separación no que se obteñen tres compoñentes sanguíneos:

Glóbulos vermellos: Para intervencións cirúrxicas, transplantes de órganos, hemorrxias debidas a accidentes de tráfico,... Duran ata 42 días.

Plasma: Contén proteínas para o tratamento de grandes queimados, transplantes de fígado,... Consérvase ata 2 anos

Plaquetas: Para o tratamento de enfermos con cancro ou leucemia, transplantes de medula ósea,... Tan só duran 7 días.

*Unha doazón de sangue pode beneficiar **a máis dun enfermo**,
xa que os tres compoñentes sanguíneos adoitan utilizarse por separado*

Desenvolvemos campañas para concienciar a un grupo especial de doadores universais que son moi importantes nas urxencias. Sangue **cero negativo** hai pouco - só 7 de cada 100 doadores - e urxencias moitas tódolos días.



De cada doazón de sangue, obtemos 3 compoñentes sanguíneos

Centralizar o procesamento e distribución dos compoñentes sanguíneos nun único centro garante que os enfermos dos hospitais galegos reciban compoñentes sanguíneos cunha **calidade homoxénea**, procesados baixo estritos criterios de seguridade transfusional. Ademais, a descentralización da atención aos doadores mediante unidades móbiles, permitiu incrementar de xeito importante a taxa de doazón.

A DOAZÓN DE SANGUE EN GALICIA

En 1993, Galicia ocupaba o penúltimo lugar de España en taxa de doazón de sangue (**25 doazóns por cada 1.000 habitantes**). Coa posta en marcha do Centro de Transfusión de Galicia, hoxe integrado en ADOS, comezaron intensas campañas informativas e incrementamos as facilidades desprazando cada día 10 unidades móbiles aos concellos e cos locais de doazón nas 7 grandes cidades. Esta estratexia produciu unha progresiva concienciación.

As **111.276 doazóns** de sangue do 2016 representan **41 doazóns por cada 1.000 habitantes** e logrouse por 17º ano consecutivo a taxa recomendada pola OMS, superando a media estatal (36 doazóns por cada 1.000 habitantes).

PROVINCIA	HABITANTES PADRÓN 2016	DOAZÓNS 2015	TAXA DE DOAZON 2015	DOAZÓNS 2016	TAXA DE DOAZON 2016	VARIACIÓN 2016 vs 2015
A CORUÑA	1.122.799	51.707	46/1.000	51.054	45/1.000	-1,3%
LUGO	336.527	9.016	27/1.000	8.588	26/1.000	-4,7%
OURENSE	314.853	10.473	33/1.000	9.958	32/1.000	-4,9%
PONTEVEDRA	944.346	40.054	42/1.000	41.676	44/1.000	4%
GALICIA	2.718.525	111.250	41/1.000	111.276	41/1.000	0,02%

SEGURIDADE TRANSFUSIONAL

O estudo e prevención das enfermidades transmisibles na transfusión é un dos obxectivos prioritarios, mediante a implantación da **tecnoloxía máis avanzada** para dar a máxima garantía de seguridade que se pode ofrecer na actualidade aos receptores dos compoñentes sanguíneos.

Realízase a cada doazón a determinación do grupo sanguíneo, probas de hematoloxía, bioquímica, seroloxía e bioloxía molecular para detectar a presenza de virus transmisibles polo sangue e o Departamento de Control da Calidade supervisa cada día a idoneidade dos compoñentes sanguíneos.



#súmatadoasangue

O sangue **non se pode fabricar** e só é posible obtelo coa doazón de persoas solidarias que axudan a outras a recuperar a saúde. Grazas ás persoas que doan sangue pódese desenvolver unha parte importante da actividade asistencial nos hospitais.

ACTIVIDADE ASISTENCIAL	2015	2016	INCREMENTO
INTERVENCIÓNS CIRÚRXCICAS	185.281	204.725	10,5%
URXENCIAS HOSPITALARIAS	970.037	999.075	3%
TRANSPLANTES DE ÓRGANOS	337	299	-11,3%
CONSULTAS HOSPITALARIAS	4,2 millóns	5 millóns	1,2%

O PROCESO DA DOAZÓN

1. PASOS PREVIOS

A CHEGADA

O doador é atendido por persoal sanitario.

B ENTREVISTA PREVIA

Antes da doazón, un médico revisa a súa saúde para garantir que o sangue pode axudar os enfermos. Ao doador tómaselle a tensión, mídeselle o pulso e o peso corporal e desbótase a existencia dunha anemia.



C CONSENTIMENTO

Antes da doazón, a persoa é informada sobre as causas que impiden a doazón, e dá o seu consentimento para que se poida utilizar o seu sangue.

D ANÁLISES


O sangue doado pasa por moitas análises e controis de calidade.

2. A DOAZÓN DE SANGUE

A Doar sangue dura entre 5 e 7 minutos.

B O sangue do doador recóllese nunha bolsa da que despois se obteñen tres compoñentes sanguíneos.

C Tamén é preciso obter uns tubos con sangue para as análises.



D A extracción realízase con material esterilizado e dun só uso.

E A doazón de sangue non debilita o noso organismo.

3. RECUPERACIÓN

Rematada a doazón, o doador toma un refrixerio para volver á súa actividade normal.

